

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

Robinson Verne

Xulio Verne pareceume o máis afable e espontáneo dos homes. Isabelle e a súa nai, facéndose voceiras do degoiro de todos os presentes, pedíronlle ao escritor que relatase a experiencia do seu naufraxio. Verne fíxose de rogar, mais ao final accedeu a complacer as damas, non sen antes advertir que para situar a historia debería retroceder a un tempo, o da súa infancia, ben arredado.

—Non tería eu dez anos cando o meu pai mercou unha propiedade nunha extrema de Nantes, en Chatenay, que nome tan fermoso! Estaba situada nunha lomba que domina a beira dereita do Loira. Dende o meu cuarto pequeno vía o río correr sobre unha extensión de dúas ou tres leguas, entre as praderías que durante o inverno asolaga coas súas enormes enchentes. No verán descendía o caudal e do seu leito emerxían fitas dunha fermosa area amarela, todo un arquipélago de insuas cambiantes!

Os navíos seguían, non sen dificultade, estes pasos estreitos, balizados con estacas mouras que aínda acordo...

Servíronnos o té, que agradecín porque arrefriara logo de mergullarme na auga. Cando marchou o camareiro, Xulio Verne retomou o fío do relato.

—Un día estaba eu só nunha canoa vella sen quilla. A dúas leguas de camiño de Chantenay vai e cede un remache, declárase unha vía de auga. A canoa vaise a pique e non teño tempo máis que para zafarme dela sobre unha insua sementada en canas grandes e mestas con penachos que encamaba o vento.

»Riba da insua eu era o gran personaxe de Daniel Defoe. El encarnábase en min. O home que un día atopa a pegada dun pé sobre a area. Sinais?, non os habería facer, porque serían vistos moi axiña e salvaríame antes de eu querelo. As miñas provisións consumíraas durante a viaxe, non tiña can nin tampouco fusil, non había mariscos. Por fin coñecía as angustias do desamparo, os horrores da nudez nunha illa deserta, como os coñeceran os

Selkirks e os personaxes dos naufraxios célebres, que non eran en absoluto robisóns imaxinarios...

»Isto non durou máis que algunhas horas e así que baixou a marea non tiven máis que atravesar a beira dereita do Loira. E regresei tranquilamente á casa, onde me tiven que contentar coa cea de familia en vez da comida ao Crusoe coa que soñara.

Paco CLIMENT

Cando Verne amarrou en Vigo

Tambre



1 Contesta.

- Quen conta a historia? **Xulio Verne.**
- Quen participa nela? **O seu pai.**
- Onde transcorre? **En Nantes, en Chantenay.**
- Cando transcorre? **Cando o narrador era un neno.**
- Elabora un resumo da historia.

Resposta libre

.....

.....

.....

.....

.....

2 Con que acción comeza a historia? E de que forma acaba o naufraxio?

A historia comeza co naufraxio dunha canoa. Remata atravesando a beira dereita do Loira.

.....

.....

.....

3 Busca no diccionario as seguintes palabras e anota o seu significado.

degoiro lomba insua quilla legua


Resposta libre

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Que profesións nos din os seguintes debuxos? Escríbeo.



Nadador, médico, farmacéutico, leñador, pianista e cantante.

2 Completa a táboa coma no exemplo.

	PALABRA DE PROCEDENCIA	SUFIXO
Novelista	Novela	-ista
Compositor		
Profesora		
Tendeiro		
Practicante		
Ferroviano		

	PALABRA DE PROCEDENCIA	SUFIXO

Novelista	Novela	-ista
Compositor	Composición	-itor
Profesora	Profesor	-a
Tendeiro	Tienda	-eiro
Practicante	Práctica	-ante
Ferroviano	Ferrocarril	-viario

3 Engádelles sufixos de profesións ás seguintes palabras.

enfermo xoia empresa banco

Enfermeiro, xoieiro, empresario, banqueiro.

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

1 Escribe o teu diario persoal de luns a venres nesta semana.

Luns _____, de _____ de 2016.

Martes _____, de _____ de 2016.

Mércores _____, de _____ de 2016.

Xoves _____, de _____ de 2016.

Venres _____, de _____ de 2014.

Resposta libre

2 Gustouche a túa experiencia sobre escribir un diario?

Resposta libre
